



CONCELLO DE CHANTADA

EXPEDIENTE: 37/2020

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Chantada publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 204 de data 4 de setembro de 2014 polo que se establece o réxime xurídico do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada.

Visto o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Chantada en sesión celebrada con data 3 de outubro de 2019 polo que se iniciaron os trámites correspondentes ao procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar deste Concello.

Visto o estudo económico para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Chantada, no que se prevé un porcentaxe do 5% de gastos xerais e beneficio industrial dacordo coa doutrina do Tribunal Central de Recursos Contractuais (entre outras resolucións a 592/2019; 159/2016...)

Vista a Memoria de Alcaldía que obra no expediente e na que se xustifica o cumprimento dos extremos previstos na normativa vixente para a licitación do servizo.

Visto o informe de insuficiencia de medios e o xustificativo da non división en lotes do obxecto do contrato.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que obran no expediente.

Visto o documento contable de Retención de Crédito que obra no expediente.

Visto o informe da Secretaría Municipal que sinala a lexislación aplicable e o procedemento a seguir así como a conformidade do expediente de contratación e dos pregos coa lexislación vixente.

Visto que o expediente foi fiscalizado pola Intervención Municipal.

Vistas as competencias que a lexislación vixente lle atribúe a esta Alcaldía **PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Acordar como a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial o 5%, segundo os antecedentes expostos.

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas así como o expediente de contratación para o contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Chantada.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

Segundo.- Autorizar o gasto por importe 454.496,42, correspondente ao exercicio 2020 con cargo a aplicación orzamentaria 231.227.99.04.

Terceiro.- Nomear como responsable do contrato á Concelleira de Servizos Sociais Dona María Cándida Carnero Blanco.

Cuarto.- Determinar a composición da mesa de contratación de acordo co seguinte:

Presidente: D. Manuel Lorenzo Varela Rodriguez (Alcalde do Concello de Chantada)

Suplente: D. María Cándida Carnero Blanco (Concelleira de Servizos Sociais)

Vogais:

- Dona María Yebra-Pimentel López como Secretaria Municipal ou persoa que legalmente a substitúa
- Dona María Cristina González Santín, como Interventora Municipal ou persoa que legalmente a substitúa
- Don Jesús Ángel Ledo Cores (Funcionario do Concello de Chantada) , designándose como suplente a Dona Susana Martínez Rodríguez (Funcionaria do Concello de Chantada).

Secretario:

- Don José Manuel Otero Castiñeira (Funcionario do Concello de Chantada), designándose como suplente a D. Julio Cuñarro Taboada (Funcionario do Concello de Chantada).

Quinto.- Dispoñer a publicación dos documentos que procedan dacordo coa lexislación vixente no perfil do contratante, portal de transparencia e polos demais medios que resulte procedente segundo a normativa vixente.


Chantada, na data sinalada dixitalmente á marxe

O Alcalde

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 6TSTZHYJAMJ5RAR2CZDD4J2A | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2